



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DE PRAZAS DE RESIDENCIA NA ESCOLA OFICIAL NÁUTICO PESQUEIRA DE FERROL (PERÍODO EXTRAORDINARIO) CONFORME Á ORDE DO 23 DE XUÑO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA O ACCESO ÁS PRAZAS DE RESIDENCIA E DE COMEDOR NOS CENTROS RESIDENCIAIS DESTA CONSELLERÍA, E SE CONVOCA A OFERTA DE PRAZAS PARA O CURSO ACADÉMICO 2023/2024.

O día 3 de xullo de 2023 publicouse a Orde do 23 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para o acceso as prazas de residencia e de comedor nos centros residenciais desta consellería, e se convoca a oferta de prazas para o curso académico 2023/24.

Conforme ao artigo 11 desta orde, o día 25 de setembro de 2023 reuniuse a Comisión de Valoración para examinar as solicitudes presentadas e elaborar as listas provisionais de admitidos e excluídos no período extraordinario. Dado que non existen persoas excluídas e visto que de acordo co establecido nos artigos 4.4 e 17 da orde, o número de solicitudes presentadas é inferior ao número de prazas de residencia en pensión completa ofertadas na convocatoria, a Comisión de Valoración procede a dar traslado da relación provisional de persoas admitidas á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Tendo en conta a proposta da Comisión de Valoración, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro,

RESOLVE:

En cumprimento do punto 2, do artigo 12 da Orde do 23 de xuño de 2023, facer pública a relación provisional de persoas adxudicatarias de prazas de residencia en pensión completa para a residencia da Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol no período extraordinario. Esta relación figura como anexo I desta resolución, e deberá publicarse na páxina web da Consellería do Mar e no taboleiro de anuncios da Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol .

Contra esta resolución as persoas interesadas poderán formular reclamación ante a propia comisión no prazo de 10 días hábiles seguintes ao da súa publicación. As reclamacións serán dirixidas a presidenta da mencionada comisión.

Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

(Asinado dixitalmente)





Anexo I

Relación provisional de persoas adxudicatarias de prazas de residencia en pensión completa. Período extraordinario. Curso 2023/2024

	Apelidos	Nome	DNI
1	MARTÍNEZ VIDAL	ÁNGEL	***8201**
2	MILLOS RODRÍGUEZ	SONIA	***9444**
3	POUSA RÍOS	SERGIO	***1195**
4	RIVEIRO SANTAMARÍA	IVÁN	***8786**
5	RODRÍGUEZ GONZÁLEZ	ANTONIO	***8512**
6	TENORIO NOGUEIRA	NICOLÁS	***6128**

